

15-0

Cando comecei a ler as noticias dos primeiros incendios preoupeime, cando vi que aumentaban a miña preocupación converteuse en ansiedade; pero cando me contaron que eran provocados chorei.

Hoxe podería dar a miña opinión política e queixarme do sistema, pero deixoo a un lado para falar de algo moi mais grande.

Quero falar de toda a xente que saiu ás rúas para salvar Galiza, como hai 15 anos co prestige. Dijo veño a falar, do pobo galego.

Un pobo que sempre traballou a terra e cando non pudo emigrar, para mandar diñeiro de volta ao seu fogar.

Porque ao final neste país todo se reduce a voltar, a tornar, a esta terra que nos viu nacer e nolo dev todo, a que hoxe arde.

Non sei como se pode definir un sentimento, algo tan abstracto pero que á vez nos une tanto. Rosalía chamouno morriña, e eu aplaudo ese sentimento que nos mantén xuntos.

Grazas a el botámonos ás rúas, grazas a el  
facemos cadeas humanas, grazas a el abrimos  
as nosas casas á xente que escapaba das  
lapas, difundimos información e rescatamos animais.  
Grazas a el defendemos o único que temos.

Porque laxe 'miña terra galega onde o ceo é sempre  
gris' ten o ceo escuro, pero polas cinzas.

Porque laxe a costa non verdece e Breogán clora.  
E porque a pasada, foi a noite de pedra máis  
longa que recordamos.

16/10/2017.